

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara presenta, presenta a seguinte **Pregunta** para resposta oral en **Pleno**.

O martes 27 de outubro, o Parlamento Europeo debateu e aprobou a proposta de regulación do Mercado Único das Telecomunicacións. A proposta do Comité de Industria (ITRE) do Parlamento, presidida pola eurodeputada do Partido Popular, Pilar del Castillo Vera, non tivo en conta as enmendas presentadas polos defensores da Neutralidade na Rede, composto por un bo número de colectivos e persoas individuais como, entre outras, o pai de Internet Tim Berners-Lee.

O texto aprobado polo PE abre a porta, a través da utilización do eufemismo “Servizos especializados”, ao establecemento dunha rede de dúas velocidades. Unha para os que paguen e outra, entre a que se atoparían os usuarios individuais, pequenas empresas ou Universidades, na que os datos circularían máis lentamente. Isto beneficiará sobre todo aos servidores e ás empresas proveedoras de ancho de banda e así como ás grandes empresas usuarias que poidan pagar os servizos de alta velocidade.

Introdúcese, tamén, o chamado Zero-rating (tráfico gratuíto) un modelo mediante o cal as operadoras ofrecerán aos usuarios paquetes de datos definidos ou o uso dunha aplicación determinada para una rede inarámica pechada. Son servizos que se ofrecen aos usuarios a cambio de seleccionar determinados contidos. O cal racha o modelo aberto da Internet.

Introduce tamén a discriminación por tipo de contido. Isto abre a porta a que as grandes empresas de telecomunicacións prioricen uns formatos sobre outros (vídeo sobre texto, por exemplo) ou un tipo de intercambios sobre outros (ralentizando, por exemplo, os intercambios P2P que levan a cabo usuarios individuais para intercambiar ficheiros).

Introduce tamén o chamado Impending Congestion Management (Xestión de Conxestión Inminente), unha argucia que permitirá “xestionar” o fluxo de datos para “previr” a conxestión da rede. Previsión, esta, totalmente suxetiva e discrecional.

Esta aprobación no Parlamento Europeo tivo lugar co agravante de terse feito de xeito subrepticio nunha votación que trataba sobre a abolición do roaming, o servizo que permite saltar dunha zona de cobertura sita nun país á doutro país. Esta votación encuberta é un argumento máis do negativo do texto aprobado para a liberdade e igualdade na rede e para que esta siga a ser unha ferramenta que contribúa a espallar o coñecemento e a información de xeito aberto.

O aprobado, pois, é un ataque aos principios democráticos dentro do ámbito da Internet.

Por todo o exposto con anterioridade o Grupo Parlamentar da Alternativa Galga de Esquerda, formula a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno:

Cal é a opinión da Xunta de Galicia a respecto da regulación do mercado único aprobada no Parlamento Europeo?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 29/10/2015 12:41:41